



CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 2 DE DECEMBRO DE 2016

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 08:40 horas do día 2 de decembro de 2016, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 30 de novembro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidentes: D. David Regades Fernández

Vocais: D. Pablo Olmos Pita
D. Javier Muradás Blanco
D. Manuel Xosé Lorenzo Penela
D. Antonio Villanueva Guimeráns (asiste ao punto 1a)
D. Óscar Couce Senra (asiste aos puntos 2a, 3a e 4a)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión polo Sr. presidente, procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

1.- Apertura económica

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de equipos para a plataforma unificada de almacenamento (7909-113)

En acto público abriuse o Sobre C "proposición avaliable mediante fórmula" das ofertas presentadas e admitidas co seguinte resultado:

Licitadores	Prezo	Incremento almacenamento terabites por nodo	Incremento almacenamento terabites total en formato Flush/SSD	Incremento prazo garantía	Custo mantem. anual
TELFÓNICA SOLUCIONES DE INFORMATICA Y COMUNICACIONES DE ESPAÑA, SAU	129.964,75	19	18,2	12	4.406,82
INTERNACIONAL PERIFERICOS Y MEMORIAS ESPAÑA, SLU*	118.811,68	29,6	9,6	36	11.360,04
COREMAIN, SLU	129.470,00	69	7	12	32.484,00
ASAC COMUNICACIONES, SL	129.990,30	0	0	12	14.973,75
INFORHOUSE, SL	121.000,00	12,6	4,2	0	8.470,00
EDNOM, SL	128.699,23	51	15,68	36	7.560,00



SIVSA SOLUCIONES INFORMÁTICAS, SAU	126.956,62	26,42	7,03	12	10.902,15
------------------------------------	------------	-------	------	----	-----------

* Achega memoria económica

Por erro recortouse un pouco o sobre C presentado por Suministros, Importaciones y Mantenimientos Electrónicos, S.A. (SERMICRO), empresa excluída deste procedemento, sen que chegara a abrirse, nin polo tanto, coñecerse o contido da oferta, procedéndose a pegalo inmediatamente en presenza dos membros presentes na sesión e do público asistente: D^a. Blanca Somoza Martín, con DNI 33.291.375-W, en representación de TELEFÓNICA SOLUCIONES DE INFORMATICA Y COMUNICACIONES DE ESPAÑA, SAU e D. Francisco Javier Boo Rodríguez, con DNI 36.064.722-D, en representación de EDNOM, SL.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

2.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes sobre a valoración das xustificacións das ofertas con valores anormais ou desproporcionados

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de reforma da Grada de Río (4051-440)

Iniciado o procedemento previsto no artigo 152 do TRLCSP cos licitadores COPCISA, S.A. e a UTE EXTRACO, S.A. - PRACE, S.A., ambas as dúas empresas presentaron a xustificación dos valores anormais ou desproporcionados da súa oferta.

Estas xustificacións trasladáronse ao responsable do contrato.

Entréganse os informes asinados o 30 de novembro de 2015 polo enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos e o xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Municipal sobre as xustificacións presentadas, nos que se fai constar, *“non se pode por tanto chegar á conclusión de que se cumpren os requisitos establecidos no artigo 152 do TRLCSP para considerar xustificada a baixa anormal ou desproporcionada e que poida con ela cumprir o contrato”*.

Á vista deste informe, a Mesa de Contratación acorda, por unanimidade, propoñer á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación, a exclusión do procedemento aberto para a contratación das obras de reforma da Grada de Río (4051-440), dos seguintes licitadores, por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados e non telos xustificado:

1. COPCISA, S.A.
2. UTE EXTRACO, S.A. - PRACE, S.A.

3.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adjudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 13:10	Páxina 2 de 4
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABAF44-E628A1-AEAC3E-J65CBU-DHSW3S-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de reforma da Grada de Río (4051-440)

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario do 30 de novembro de 2016 sobre valoración do sobre C “proposición avaliable mediante fórmula” e proposta de clasificación. Logo do seu estudo, a Mesa acorda aceptalo, por unanimidade dos seus membros.

4.- Propostas de clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de reforma da Grada de Río (4051-440)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das ofertas presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Excluir aos licitadores que deseguido se relacionan do procedemento aberto para a contratación das obras de reforma da Grada de Río (4051-440), por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificado, consonte os informes do enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos e o xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Municipal do 30 de novembro de 2016

1. COPCISA, S.A.
2. UTE EXTRACO, S.A. - PRACE, S.A.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de **Reforma da Grada de Río (4051-440)** na seguinte orde descendente:

	Empresas	Puntuación
1	S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS (COPASA)	91,02
2	UTE INDEPO, S.L.U., AVAN INTEGRAL, S.L. E HIDROMIÑO S.L.U.	88,02
3	UTE DRAGADOS, S.A. E ORECO, S.A.	87,26
4	CIVIS GLOBAL, S.L.	86,34
5	UTE CONSTRUCCIONES OREGA, S.L., XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L. e OHL, S.A.	84,86
6	UTE UNIKA PROYECTOS Y OBRAS, S.A.U., OGMIOS PROYECTO, S.L. e 03 SERVICIOS Y CONTRATAS, S.L.	84,34
7	UTE VIVIENDAS Y OBRAS CIVILES, S.A. E CONSTRUCCIONES RUESMA, S.A.	82,19
8	UTE ACCIONA INFRAESTRUCTURAS, S.A. E CONSTRUCCIONES RAMIREZ, S.L.U.	78,50



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 13:10	Páxina 3 de 4
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABAF44-E628A1-AEAC3E-J65CBU-DHSW3S-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

9	CRC OBRAS Y SERVICIOS, S.L.	78,02
10	JOCA INGENIERIA Y CONSTRUCCIONES, S.A.	73,39
11	CONSTRUCTORA SAN JOSÉ, S.A.	72,54
12	FCC CONSTRUCCIÓN, S.A.	66,52

Terceiro.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, **S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS (COPASA)**, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciban o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.
4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Cuarto.- Requerir ao citado licitador o aboamento de 1.471,58 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Non tendo máis asuntos que tratar, o presidente declara finalizada a sesión ás 09:00 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

Vigo, 2 de decembro de 2016

O presidente da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)

A secretaria da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 13:10	Páxina 4 de 4
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABAF44-E628A1-AEAC3E-J65CBU-DHSW3S-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		